

## TRALAS PEGADAS DO HOME NA HISTORIA.

### **1. INTRODUCCIÓN:**

#### **a) XUSTIFICACIÓN**

O proxecto que desenvolvemos a continuación xurde como proposta a nivel de ciclo de Educación Infantil, para desenvolver o proxecto do PLAMBE que se realiza no noso centro e que leva por título “Tralas pegadas do home na historia”. Con este proxecto traballamos un tema que forma parte do Currículo dos diferentes ciclos e niveis educativos impartidos no noso centro e que nos permitiu coñecer as pegadas da humanidade dende o xurdimento da mesma ata os nosos tempos, tratando sempre de relacionar estes contidos coas experiencias e os elementos máis achegados á realidade do noso alumnado e da nosa comunidade educativa.

O equipo docente de Educación Infantil escolleu traballar a etapa da PREHISTORIA dado que resulta un elemento moi motivador para os máis cativos e tamén pola proximidade do noso centro ao “Parque Arqueolóxico de Monte Penide”, lugar onde moitos dos nosos cativos xogan e pasean a miúdo sen ser conscientes da súa riqueza cultural e histórica.

#### **b) CALENDARIO DE REALIZACIÓN:**

O proxecto de traballo sobre a Prehistoria levouse a cabo dende o mes de Xaneiro ata o mes de Abril, como continuidade ao proxecto dos dinosauros que se desenvolveu no primeiro trimestre do curso. As diferentes actividades desenvolvidas no proxecto responden a seguinte programación:

<b>Fase 1:</b> motivación: preparar as aulas con elementos da Prehistoria para chamar a atención do alumnado; proposta de proxecto e investigación sobre os coñecementos previos. Mapa conceptual inicial coas cousas que sabemos e que queremos saber	Semana do 13 ao 17 de xaneiro
<b>Fase 2:</b> recollida de información: en colaboración coas familias e a biblioteca do centro.	Do 20 ao 31 de xaneiro
<b>Fase 3:</b> análise da información e confección da exposición cos diversos materiais aportados polas familias e a biblioteca do centro.	Do 20 ao 31 de xaneiro
<b>Fase 4:</b> investigación: dividimos a prehistoria nos diferentes aspectos que imos traballar e confeccionamos os mapas conceptuais, o panel do proxecto, preparación da mochila viaxeira coas mascotas e os talleres a realizar xunto coas saídas, libros viaxeiros	<ul style="list-style-type: none"><li>• Exposición pintores galegos: do 17 ao 21 de febreiro.</li><li>• Taller de confección de traxes de Entroido: do 17 ao 25 de febreiro.</li><li>• Confección e divulgación do power point de mulleres importantes ao longo da historia: semana do 3 ao 7 de marzo</li><li>• Taller de petróglifos, tallado de pedra e como facer lume impartido por Manuel Ledo: 27 de marzo.</li><li>• Maletas prehistóricas viaxeiras: do 31 de xaneiro ao 4 de abril.</li><li>• Libros viaxeiros sobre a prehistoria: do 3 de febreiro ao 27 de marzo.</li><li>• Talleres de arte rupestre, confeccionado de ferramentas prehistóricas, cerámica, escultura ... ao longo de todo o trimestre.</li><li>• Confección de materiais impresos de apoio ás aprendizaxes: ao longo de todo o trimestre.</li><li>• Exposición “imaxina crea e constrúe”</li></ul>

	elementos relacionados coa prehistoria a partir de materiais de refugallo: semana do 21 ao 25 de abril.
<b>Fase 5:</b> intercambios con outras aulas	Semana do 7 ao 11 de abril
<b>Fase 6:</b> divulgación do traballo entre a comunidade educativa	Semana do 7 ao 11 de abril
<b>Fase 7:</b> avaliación do proxecto en base á consecución dos obxectivos e ao desenvolvemento das competencias básicas.	Semana do 7 ao 11 de abril

c) ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE:

Na realización, deseño e desenvolvemento deste proxecto, implicouse todo o alumnado de Educación Infantil (3 aulas, 1 por cada nivel educativo, cun total de 62 nenos e nenas)

Con respecto ao profesorado participante no proxecto:

- Sara López Gutiérrez: titora de 3 anos.
- Susana Crespo Pérez: titora de 4 anos.
- Ester Ojea Caneda: titora de 5 anos e coordinadora do proxecto en educación infantil
- José Tristán López: mestre de apoio que axudou nas titorías ao desenvolvemento das diferentes actividades e levou a cabo talleres de dramatización, plástica ... así como a lectura de contos e traballos de investigación relacionados co proxecto.
- Sergio Meis Casalderrey: especialista en música que traballou nas súas clases o coñecemento e dramatización de cancións e música sobre a prehistoria e introduciu ao alumnado no coñecemento de algúns instrumentos musicais prehistóricos.
- Ánxela Mª Domínguez Martínez: especialista en educación física que realizou actividades encamiñadas ao coñecemento da evolución histórica do tiro con arco dende a prehistoria ata a noso tempo, con axuda do alumnado de 6º de primaria e que desenvolveu un taller de tiro con arco con todo o alumnado do centro, en colaboración con Amoedo, especialista nesta disciplina deportiva.
- Isabel Filgueiras Moure: mestra especialista en inglés que desenvolveu o proxecto paralelamente ás titoras traballando cancións, vocabulario ... relativo ao proxecto.
- María José González Domínguez: coordinadora de biblioteca que se encargou de realizar a adquisición, selección e exposición de materiais relacionados co proxecto dende a biblioteca conxuntamente co equipo de biblioteca.

d) ORGANIZACIÓN:

Durante o deseño e desenvolvemento deste proxecto, leváronse a cabo diferentes reunións do equipo docente do ciclo para establecer os aspectos a traballar en cada unha das especialidades, tratando de darlle unha continuidade e coherencia a tódolos aspectos que se desenvolverían durante o tempo que se desenvolvese o proxecto.

Nas diferentes aulas desenvolvéronse contidos adaptados as idades e características evolutivas do alumnado, levando a cabo actividades de expresión plástica (coa colaboración do mestre de apoio), de expresión corporal (coa mestra de Educación física e o mestre de Música) de expresión dramática (coa colaboración de tódolos especialistas) vocabulario plurilingüe (galego, castelán e inglés), xogos matemáticos ...

Todo este proceso e coordinación foi fundamental para poder desenvolver actividades globalizadas e de gran interese para o alumnado como as coreografías para a festa do Entroido, musicar poemas, talleres multidisciplinares ...

e) CONTIDOS CURRICULARES E COMPETENCIAS BÁSICAS:

O Currículo educativo para a etapa de Educación infantil contempla a necesidade de traballar aqueles aspectos máis próximos á realidade do alumnado procurando sempre que os contidos traballados respondan a necesidade de aprender dos máis cativos partindo da súa experiencia máis cercana.

Na etapa de Educación Infantil, os contidos traballados deben responder ao principio de globalización e en base a iso traballáronse os seguintes contidos, aínda que aparecen clasificados por Áreas.

<u>Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal</u>	<u>Área de coñecemento da contorna</u>	<u>Área das linguaxes: comunicación e representación</u>
Control do ton, equilibrio e respiración na realización das actividades expresivas e dramáticas que así o requiren.	Serie numérica	Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación
Habilidades motrices que permitan a realización de novas tarefas, como atar, tallar, apuntar, tensar ...	Emprego dos números ordinais e cardinais como estratexia para a resolución de problemas da vida cotiá.	Emprego axeitado de normas que rexen o intercambio lingüístico.
Nocións básicas de orientación espacial: dentro/fora, preto/lonxe ...	Instrumentos de medida e aproximación ao seu emprego	Comprensión de ideas e conceptos expresados en textos e de xeito oral nas diferentes linguas.
Valoración axustada de si mesmo e das súas posibilidades de acción.	Recoñecemento de sinais de identidade cultural presentes na nosa contorna máis próxima, relativas á prehistoria.	Identificación de palabras significativas escritas relacionadas coa temática do proxecto.
Desenvolvemento da propia autonomía persoal para a realización das actividades propostas.	Identificación dos cambios de vida e costumes relacionados co paso do tempo	Elementos plásticos que conforman a arte rupestre.
Valoración e respecto polas diferenzas.	Organización da vida, a vivenda e a actividade humana na Prehistoria	Expresión e comunicación de feitos, acontecementos, sentimentos ... a través de producións plásticas con diferentes soportes e materiais.
	Arte prehistórica: pinturas rupestres, petróglifos e escultura.	Audición de cancións, poemas ... e xogos de expresión dramática e expresión corporal

Traballando estes contidos de xeito globalizado permitiu dotar ao alumnado das ferramentas básicas para desenvolver as súas competencias en:

<b>Autonomía e iniciativa persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ser constante nas tarefas que emprende</li> <li>• Pedir axuda cando non é quen de resolver as tarefas so.</li> <li>• Realización de rutinas diarias.</li> </ul>
<b>Comunicación lingüística</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender e expresar pensamentos e sentimentos de xeito oral.</li> <li>• Empregar a lingua escrita como medio de comunicación.</li> <li>• Organizar e autorregular o pensamento e</li> </ul>

	a conduta
<b>Social e cidadá</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Enriquecer as relacións sociais con fórmulas de saúdo e agradecemento.</li> <li>• Favorecer situacións de diálogo e intercambio de opinión en gran e pequeno grupo.</li> <li>• Comprender a realidade social da Prehistoria en contraposición coa nosa realidade.</li> </ul>
<b>Coñecemento e interacción co mundo físico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observar e mostrar curiosidade por acontecementos ocorridos na Prehistoria.</li> <li>• Adquirir novas ferramentas para observar e explorar a contorna.</li> </ul>
<b>Competencia dixital</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Empregar o ordenador como medio para obter información e como ferramenta para a realización de mapas conceptuais, documentos escritos ou como ferramenta lúdica educativa.</li> </ul>
<b>Aprender a aprender</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballar habilidades relacionadas coa memoria e o pensamento e razoamento dedutivo a través da observación e do intercambio de información.</li> </ul>
<b>Cultural e artística</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Achegar ao alumnado as diferentes manifestacións artísticas.</li> <li>• Empregar diferentes técnicas plásticas para o desenvolvemento da creatividade.</li> </ul>
<b>matemática</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promover situacións para resolución de problemas da vida cotiá.</li> <li>• Ampliar o coñecemento sobre aspectos relacionados co espazo e cuantitativos da realidade</li> </ul>

## 2. **OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN:**

O obxecto da nosa investigación foi a etapa da PREHISTORIA debido á temática desenvolvida no noso centro con motivo do proxecto desenvolvido na biblioteca escolar en base ao PLAMBE. Esta temática resulta moi atractiva para o alumnado de idades comprendidas entre os 3 e os 6 anos debido á vistosidade das súas personaxes, do escenario no que se desenvolve esta etapa da humanidade e sobre todo polos xacementos arqueolóxicos cos que conta a contorna máis próxima do centro entre os que caben destacar os petróglifos e as mámoas a escasos kilómetros do centro.

## 3. **DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.**

Proposta de actividades para o desenvolvemento do proxecto da Prehistoria.			
Aula de 3 anos	Aula de 4 anos	Aula de 5 anos	Actividades de ciclo
<p><b><u>Maleta viaxeira de DINO:</u></b> viaxará ás casas dos alumnos/as semanalmente para traballar con contos sobre a Prehistoria e realizar con eles un taller de</p>	<p><b><u>Maleta viaxeira de DINO PIPINO:</u></b> viaxa semanalmente cos nenos/as para elaborar un taller de cociña en colaboración coas familias.</p> <p><b><u>Libro do proxecto:</u></b> confeccionado na aula</p>	<p><b><u>Maleta viaxeira de Crom:</u></b> que viaxa semanalmente ás casas para realizar coas familias un taller de manualidades e cociña prehistóricas</p>	<p><b><u>Exposición pintores galegos:</u></b> recreación de cadros de diversos pintores galegos que reproduciron elementos da prehistoria</p> <p><b><u>Taller de confección de traxes de Entroido:</u></b> en</p>

<p>manualidades prehistóricas.</p> <p><b><u>O libro dos homes primitivos:</u></b> confeccionado na aula a partir dos contos lidos cos mestres.</p> <p><b><u>Taller de manualidades:</u></b> elaboración de caretas de mamuts e colares da época</p> <p><b><u>The prehistory:</u></b> coñecemento do vocabulario relacionado co proxecto, en lingua inglesa.</p> <p><b><u>Somos trogloditas:</u></b> taller de música para o coñecemento de música e expresión corporal relacionada co proxecto.</p> <p><b><u>Tiro con arco:</u></b> aprendizaxe de técnicas para o emprego do arco e as frechas.</p>	<p>partindo do conto “la prehistoria” <a href="https://www.youtube.com/watch?v=Pu8jCCFg158">https://www.youtube.com/watch?v=Pu8jCCFg158</a></p> <p><b><u>Taller de manualidades:</u></b> elaboración de hachas de man con poliespán e xoias da época</p> <p><b><u>The prehistory:</u></b> coñecemento do vocabulario relacionado co proxecto, en lingua inglesa.</p> <p><b><u>Somos trogloditas:</u></b> taller de música para o coñecemento de música e expresión corporal relacionada co proxecto.</p> <p><b><u>Tiro con arco:</u></b> aprendizaxe de técnicas para o emprego do arco e as frechas.</p>	<p><b><u>Libro viaxeiro:</u></b> “animáis prehistóricos” en colaboración coas familias.</p> <p><b><u>Libro do proxecto:</u></b> realizado na aula a modo de diario dos aspectos aprendidos ao longo da investigación. <a href="http://bauldesorrisos.blogspot.com.es/2014/04/a-prehistoria-con-crom.html">http://bauldesorrisos.blogspot.com.es/2014/04/a-prehistoria-con-crom.html</a></p> <p><b><u>Taller de manualidades:</u></b> onde se recrearon petróglifos, cerámica, armas e esculturas propias da época. Tamén <b><u>taller de pintura rupestre</u></b> empregando diferentes soportes e técnicas coas que logo decoramos a nosa caverna.</p> <p><b><u>The prehistory:</u></b> coñecemento do vocabulario relacionado co proxecto, en lingua inglesa.</p> <p><b><u>Somos trogloditas:</u></b> taller de música para o coñecemento de música e expresión corporal relacionada co proxecto.</p> <p><b><u>Tiro con arco:</u></b> aprendizaxe de técnicas para o emprego do arco e as frechas.</p>	<p>colaboración coas familias</p> <p><b><u>Confección e divulgación do power point de mulleres importantes ao longo da historia:</u></b> facendo unha investigación sobre Ardy e Lucy, avoas da humanidade. <a href="https://www.youtube.com/watch?v=UebLLwAGGt8">https://www.youtube.com/watch?v=UebLLwAGGt8</a></p> <p><b><u>Taller de petróglifos, tallado de pedra e como facer lume impartido por Manuel Ledo:</u></b> autor do cadro escollido pola aula de 5 anos</p> <p><b><u>Exposición “imaxina crea e constrúe” elementos relacionados coa prehistoria a partir de materiais de refugallo:</u></b> por parte das familias. <a href="https://www.youtube.com/watch?v=TKGMAcCeeK5E">https://www.youtube.com/watch?v=TKGMAcCeeK5E</a></p>
--	---	--	---

#### 4. **RELACIÓN DE TAREFAS REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.**

- Saída á exposición sobre o neolítico promovida pola fundación “a Caixa”
- Confección dunha caverna na aula e de recantos do proxecto con exposicións de materiais aportados pola biblioteca escolar e as familias.





### Revistas e vídeos:



### Recursos dixitais :

- <http://www.nhm.ac.uk/nature-online/life/human-origins/early-human-family/lucy-ar/> enlace co Museo de Historia Natural onde a través de realidade aumentada podemos coñecer a Lucy e a un neanthertal.
- <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/html/adjuntos/2007/09/13/0030/prehistoria/entrada/entrada.htm> páxina con numerosos recursos relacionados coa Prehistoria para traballar coa PDI
- Webs e editoriais nas que apoiamos a nosa investigación para desenvolver o proxecto. <http://www.mundofree.com/origenes/>

<http://thales.cica.es/rd/Recursos/rd98/HisArtLit/01/prehistoria.htm>

<http://www.bibliotecavirtual.com.do/Historia/Prehistoria.htm>

[http://icarito.tercera.cl/enc\\_virtual/historia/prehistoria.htm](http://icarito.tercera.cl/enc_virtual/historia/prehistoria.htm)

<http://www.stonepages.com/>

<http://web.ukonline.co.uk/megalithics/>

<http://www.archeologiasperimentale.it/stefanoricci.htm>

<http://www.ifrance.com/prehisto/AA.htm>

<http://www.mnh.si.edu/anthro/humanorigins/ha/sap.htm>

- Recursos para empregar coa PDI: xogos, presentacións ...

<http://pdirecursos.wordpress.com/conocimiento-del-medio-2/prehistoria/>

### **Programas dixitais:**

<http://www.aumentaty.com/> para traballar coa realidade aumentada.

<http://popplet.com/> para confeccionar mapas conceptuais de maneira moi intuitiva.

<http://montepenideprehistorico.com/es/index.html> visita ao museo virtual de Monte Penide en Cabeiro (Redondela)

## **6. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.**

Os proxectos desenvolvidos ao longo dos diferentes cursos no noso centro, buscan sempre un achegamento entre as familias e o colexio, por iso sempre se busca a complicidade e participación das mesmas no proceso de desenvolvemento do noso traballo.

Á hora de deseñar a nosa actividade, na nosa programación sempre se recollen as formas nas que poden participar as familias destacando as seguintes:

- ✓ Recollida de información para o proxecto: facendo pequenas investigacións cos cativos sobre aspectos relacionados co tema a desenvolver.
- ✓ Búsqueda de bibliografía e materiais relacionados co proxecto para realizar a exposición: aportando libros, vídeos, revistas, documentais, contos ou calquera ferramenta feita por elas/eles mesmos que axuden a comprender de xeito manipulativo os contidos a traballar.
- ✓ Talleres impartidos polas familias: en tódolos proxectos, ofertámoslles ás familias a posibilidade de compartir un día na aula/ centro para falarnos do seu traballo, aficións ... en relación co proxecto traballado. Neste sentido este ano, recibimos a visita dunha familia dun alumno de 6º de educación infantil que nos deu unha charla sobre o traballo dos arqueólogos, con fotos e mesmo un esqueleto de dinosauro para desenterrar.
- ✓ Participación nos talleres de confección dos traxes de Entroido: traballando de xeito directo coas titoras.
- ✓ Participación na exposición "imaxina, crea e constrúe": tódolos anos, dende o equipo de dinamización da lingua galega, organízase unha exposición de obxectos, maquetas ... feitas con material de refugallo que toquen a temática do proxecto desenvolvido no centro.

Por outra banda, traballar con aprendizaxes baseadas en aprendizaxe por proxectos conleva a implicación de toda a comunidade educativa. Para a elaboración deste proxecto desenvolvido en educación infantil contamos coa colaboración de:

- ◆ A mestra de inglés de Educación Primaria que leva a sección bilingüe e que traballou co alumnado de 6º "rock arts" confeccionando cadros e gravados prehistóricos que logo explicaron o xeito de facelos ao alumnado de infantil.
- ◆ Manuel Ledo: entusiasta da arqueoloxía e promotor da conservación do patrimonio cultural que realizou un taller con todo o alumnado de educación infantil no que aprenderon diferentes símbolos que aparecen nos petróglifos, como reproducilos, como confecciona os seus cadros, e tamén nos deleitou cun taller de cómo facían lume os homes primitivos e como tallaban a pedra. Tamén nos prestou unha das súas reproducións artísticas para o deleite de toda a comunidade educativa que serviu de base para a elaboración do noso cadro para a exposición de "pintores galegos que ilustran a historia"
- ◆ Xosé Lois Vilar Licenciado en Xeografía e Historia, director da sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudos Miñoranos e membro da Asociación Galega de Onomástica.



Realizou excavacións e estudos no Valle Miñor (Suelo del Cereixo, Panxón,...), e con dedicación especial a arte rupestre no noso país.

- ◆ **Amoedo:** especialista en tiro con arco que desenvolveu un pequeno taller no que os cativos/as puideron manipular e manexar arcos e frechas reais.

## 7. **DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.**

Tódolos traballos realizados ao longo do noso proxecto foron recollidos en diferentes “libros” e murais confeccionados polo alumnado que permaneceron expostos no recibidor do centro onde toda a comunidade educativa podía ter acceso en calquera momento da xornada educativa e que logo formarían parte dos recursos da biblioteca escolar para poder ser consultados por toda a comunidade escolar. Do mesmo xeito, tódalas fotos, vídeos, montaxes artísticas, bibliografía, recursos ... atópanse aloxados no blog das aulas de Educación Infantil, no blog da Biblioteca e na páxina web do centro.

Blog de infantil : <http://bauldesorrisos.blogspot.com.es/search/label/proxecto%20prehistoria>

Blog da Biblioteca:

<http://bibliotecaportocabeiro.blogspot.com.es/>

Páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceippportocabeiro/?q=taxonomy/term/1>

En previsión daquelas familias máis desfavorecidas, dende o centro e en colaboración co equipo de dinamización da lingua galega publícase o taboleiro de noticias na entrada do centro; novas coas que logo se publica a nosa revista escolar “As Nosas Cousas” tanto en formato dixital como en formato impreso, que logo se difunde entre tódalas familias o último día do colexio.

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceippportocabeiro/?q=taxonomy/term/35>

## 8. **AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS BÁSICAS DO CURRÍCULO.**

Para levar a cabo a avaliación do proxecto tivemos en conta os seguintes aspectos:

Niveis de avaliación	Aspectos a avaliar	Consecución dos obxectivos propostos		Dificultades atopadas e melloras posibles
		acabado	En proceso	
A nivel de alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participou de xeito activo na procura de información, no desenvolvemento das actividades e na elaboración do proxecto.</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As súas aprendizaxes resultaron significativas.</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizou as actividades de xeito cada vez máis autónomo.</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mantivo unha actitude motivadora no proceso de desenvolvemento do proxecto.</li> </ul>			
A nivel de profesorado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participou todo o profesorado que impartiu docencia neste nivel.</li> </ul>			

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A participación conxunta do profesorado posibilitou un mellor coñecemento por parte do alumnado, da temática.</li> </ul>			
A nivel organizativo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A estruturación e secuenciación dos obxectivos foi axeitada tendo en conta a etapa evolutiva do alumnado e as NEAE.</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O deseño de actividades permitiu un maior coñecemento da Prehistoria por parte do alumnado.</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contribuíuse ao desenvolvemento das competencias básicas</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os espazos previstos foron axeitados para o desenvolvemento das diferentes actividades.</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os materiais empregados foron axeitados para cada unha das actividades.</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os tempos establecidos foron suficientes para desenvolver as actividades de xeito autónomo.</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A coordinación cos diferentes departamentos foi suficientemente efectiva para acadar os obxectivos propostos</li> </ul>			
A nivel de difusión	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acadouse un bo grao de participación por parte da comunidade educativa.</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O resultado da investigación chegou a toda a comunidade educativa.</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O persoal que impartiu os talleres adecuou os contidos a idade do alumnado e conseguiu mantelos motivados.</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As canles de difusión do proxecto foron axeitadas e suficientes.</li> </ul>			

Para avaliar o grao de consecución dos obxectivos propostos e de contribución ao desenvolvemento das competencias básicas, o profesorado de Educación Infantil desenvolveu actividades e xogos interactivos que permitían entender dunha maneira visual se o deseño de actividades contribuíu a que o alumnado tivera un mellor coñecemento desta etapa da historia da humanidade. Estas actividades consistiron principalmente na realización de xogos xa especificados na webgrafía e o emprego do programa POPLET para confeccionar un mapa conceptual con todo o aprendido.

## 9. **FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.**

A biblioteca escolar converteuse no centro de recursos sobre a Prehistoria en diferentes soportes. Dende o inicio do proxecto, o equipo de biblioteca seleccionou e adquiriu material sobre o tema, axeitado para as diferentes idades; pero tamén foi un eixo fundamental para o

desenvolvemento do proxecto a través do deseño e promoción de actividades en colaboración con outros departamentos, entre as que destacan:

### 1º TRIMESTRE

- 24 de outubro: “Día das bibliotecas escolares” celebrouse unha maratón de lectura onde se leron libros relacionados coa temática do proxecto “TRALAS PEGADAS DO HOME NA HISTORIA”
- Exposición de materiais: libros, videos, música, traballos feitos por outros cursos ...
- Mochilas viaxeiras: con materiais diversos relacionados co tema do proxecto como varios exemplares da revista “reporteiro doc” e contos sobre a Prehistoria.
- Guía de lecturas de Nadal: con propostas de libros relacionados coa temática do proxecto en diferentes linguas.
- “Taboleiro de novas” en colaboración co EDLG onde cada aula redactaba as novas referidas a todo tipo de acontecementos acaecidos no centro.

### 2º TRIMESTRE:

- Exposición “ler ciencia na biblioteca” con materiais para tódalas idades, onde o alumnado de 5 anos experimentou e aprendeu como facer un volcán.
- 13 xaneiro: visita do alumnado de 5 anos e 1º ciclo de educación primaria ao espectáculo de teatro musical “os tres porquiños”, que logo se traballou cun taller de dramatización, nas horas de biblioteca.
- 31 de Xaneiro: visita do conta contos ANXO MOURE cos seus “contos da Paz” e “A Xacia Lubiñas” e cantamos xunto con todo o colexio a canción “o home do espello”
- 24 de febreiro: semana de Rosalía de Castro con audicións musicais dos seus poemas nos recreos e nas horas de biblioteca de cada curso, así coma un Álbum cos versos favoritos de cada curso/ alumno/a no que tamén participou o alumnado de 5 anos.
- 28 de Febreiro, “Entroido”, disfrazámonos da familia máis coñecida da prehistoria: “Os Picapedra”, así os nenos/as de 3 anos foron de Peblees e Bam-Bam; os de 4 anos de Pedro e Velma Picapedra e os de 5 anos de Pablo e Betti Mármore.
- 8 de Marzo: “Día da Muller Traballadora”, previamente traballamos nas aulas mulleres importantes da época histórica da que desenvolvemos o proxecto e confeccionamos, en colaboración co equipo de Dinamización Lingüística, biblioteca e TICS, un power point sobre mulleres históricas, escollendo no noso ciclo a “Ardy” e a “Lucy”.
- 21 de Marzo: “Día da Poesía”, entregamos un marca páxinas elaborado polo equipo de biblioteca, cunha poesía de ROSALÍA DE CASTRO e outra de DÍAZ CASTRO.
- 15 de maio: visita ao festival Internacional de Títeres de Redondela.

### 3º TRIMESTRE:

- Confección dun dicionario de libros: “letra a letra, libro a libro” no que participaron tódalas aulas con informacións e traballos sobre diferentes libros de cada unha das épocas históricas traballadas, ordenados alfabeticamente.
- A biblioteca converteuse no escenario idóneo para desenvolver a actividade de “telling stories at the library” que consistía en contar contos en inglés adaptados ás idades do alumnado.
- 25 de abril: “semana do libro” sesión de conta contos con “OLI” autor e debuxante de varios libros de temática infantil.
- 2 de Maio: “semana do libro” visita dun conta contos (lago) que nos contou o conto do “Aprendiz do home do saco”
- Guía de lectura para o verán.

Por outra banda, a organización das horas da biblioteca para que o alumnado puidera acudir a ela ao longo da xornada escolar, favoreceu o feito de empregar dito espazo como recurso para o desenvolvemento de numerosas actividades de dramatización, contacontos e incluso talleres diversos, pois cada aula de educación infantil contaba con 2 horas semanais para poder realizar estas actividades na biblioteca. E tamén o sistema de préstamo semanal a cada alumno/a, porque deste xeito podía difundir máis o tema do noso proxecto e facilitar a participación das familias.